

AS INSTALACIÓNS DE ALCOA EN CERVO ACOLLEN UNHA NOVA CAMPAÑA DA AXENCIA DE DOAZÓN DE ÓRGANOS E SANGUE

A Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS) desenvolverá hoxe, mércores 4 de febreiro, unha campaña de doazón nas instalacións da empresa Alcoa en Cervo. Co obxectivo de facilitar a participación dos traballadores e traballadoras, unha unidade móbil da ADOS estará estacionada fronte aos servizos médicos das 10:30 ás 14:30 horas.

A ADOS ten visitado a Alcoa desde o ano 1994, acadando, no transcurso destas campañas, un total de 2.820 doazóns de sangue. Neste sentido, desde a Axencia agradecer á xerencia de Alcoa a súa constante colaboración e compromiso co labor de recollida de doazóns de sangue, recoñecemento que quere facer extensivo a todos os traballadores e traballadoras que doan sangue.